

## **BASES DO CONCURSO “TAPAS DE OUTONO 2023”**

O **Concello de Cedeira**, pon en marcha o concurso de **Tapas de Outono 2023** como ven facendo dende o 2018, co fin dunha promoción dos produtos propios de tempada e sendo o concurso un incentivo para atraer ao conxunto da comarca á vila nestas datas.

Para a participación neste concurso deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Presentar por local unha tapa realizada expresamente para o concurso
- Servir a tapa os días **3,4 e 5 de Novembro**(Venres á noite, Sábado e Domingo ao mediodía)
- O prezo da tapa será de **2´5 euros**.
- Introducir na tapa de forma obrigatoria 2 dos 4 ingredientes seguintes:**cabaza, calabacín, castaña e setas.**

O xurado do concurso estará formado polas persoas que proben as diferentes tapas.

Para poder participar como xurado, é preciso cubrir a tarxeta de votación que se poderá conseguir en calquera dos locais participantes durante os días do concurso. É **obrigatorio** probar 5 tapas distintas para poder emitir o voto. Cada local selará ou asinará a tarxeta de votación para validala.

Unha vez reunido un mínimo de 5 selos ou sinaturas poderase proceder á votación. Recoméndase probar todas as tapas e conseguir todos os selos, máis só será posible votar por 3 locais visitados. Outorgarase a cada local unha **valoración de 1 ao 3**, sen repetir valoración e sendo 3 a máxima puntuación. Só se admitirá unha tarxeta porpersoa e só se admitiránaquelas tarxetas que cumpran os requisitos anteriormente comentados.Unha vez cuberta a tarxeta, poderá depositarse en calquera das caixas de votación distribuídas nos locais participantes.

As persoas que participen cun voto válido serán incluídas no sorteo dunha cea para 2 persoas no local gañador do concurso.

**O local gañador será o que maior número de votos reciba na suma total, en caso de empate, valorarase o que obteña maior número de 3 na votación.**

Para apuntarse ao concurso comunicarse a través dos seguintes contactos, antes do **20 de Outubro**:

**Teléfono: 697479710 (telefónica ou a través de Whatsapp)**

**Correo electrónico: noel.lopez@cedeira.gal**